

# PERMISOS

## IMPREVISTOS

DURACIÓN	24 períodos lectivos (por curso escolar)
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>⦿ <b>Dirección</b></li><li>⦿ Poderanse aceptar xustificacións non documentais</li><li>⦿ Anexo V</li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Imprevistos e enfermidades leves non xustificadas inferiores a 3 días</li><li>• Nos casos de substitutos/as e interinos/as, será proporcional ao tempo traballado</li></ul>
REFERENCIA LEGISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 33</li></ul>

## ASUNTOS PARTICULARES

DURACIÓN	4 días, dos cales 2 días poderán ser lectivos (por curso escolar)
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>⦿ <b>Dirección</b></li><li>⦿ Anexo V</li><li>⦿ Sen xustificación</li><li>⦿ Prazo de resolución: 3 días hábiles</li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Sen xustificación documental e atendendo ás necesidades do servizo</li><li>• Nos casos de substitutos/as e interinos/as, será proporcional ao tempo traballado</li></ul>
REFERENCIA LEGISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 15</li></ul>

## DEBER INEXCUSABLE, CONCILIACIÓN E CONSULTAS E REVISIÓNS MÉDICAS

DURACIÓN	Tempo necesario
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>⦿ <b>Dirección</b></li><li>⦿ Anexo v</li><li>⦿ Documentación xustificativa</li><li>⦿ Prazo de resolución: 3 días hábiles</li><li>⦿ <b>No caso de acompañamento a revisións médicas con certa periodicidade a solicitude farase á xefatura territorial co anexo IV</b></li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente</li><li>• Comprende:<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Deberes de carácter público,</li><li>▶ Deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral</li><li>▶ Asistencia a consultas e revisións médicas incluídas no sistema sanitario público</li><li>▶ Para acompañar fillos/as maiores de idade, cónxuxe, parella, debe acreditarse que esas persoas padecen limitacións físicas ou psíquicas que lles impiden asistir sos, agás para probas diagnósticas con dificultade importante ou por consello de persoal facultativo</li><li>▶ Deberá xustificarse a imposibilidade de cumprimento fóra da xornada laboral</li><li>▶ O persoal funcionario, ten dereito a ausentarse do seu posto de traballo por causa de enfermidade ou accidente non superiores a 3 días, coa xustificación documental pertinente, sen que se lle aplique o desconto en nómina previsto no artigo 146 la lei 2/2015 do emprego público de Galicia</li></ul></li></ul>
REFERENCIA LEGISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 15</li><li>• Lei 2/2015: artigo 117</li></ul>

# PERMISOS

## VIOLENCIA DE XÉNERO

DURACIÓN	Tempo necesario
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li><li>• Documento expedido polos servizos sociais ou de saúde ou copia cotexada da orde xudicial de protección ou afastamento</li><li>• Prazo de resolución: 10 días hábiles</li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente.</li><li>• As faltas totais ou parciais serán xustificadas polos servizos sociais ou sanitarios.</li></ul>
REFERENCIA LEXISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 21</li></ul>

## ASISTENCIAS A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

DURACIÓN	Tempo necesario
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexos I, II</li><li>• Prazo de solicitude: 10 días hábiles (só para cursos organizados por universidades, sindicatos...)</li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Cursos organizados polos servizos centrais: a admisión xa implica o permiso (logo da notificación da inspección)</li><li>• Cursos dos centros de formación: só fóra do horario lectivo</li><li>• Outros (universidades, sindicatos...): solicitude con informe da dirección</li><li>• O profesorado terá dereito de ata un <b>máximo de 4 días</b> para este apartado</li></ul>
REFERENCIA LEXISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 22</li></ul>

## CONCORRER A EXAMES FINAIS

DURACIÓN	Durante os días de celebración das probas
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Dirección</b></li><li>• Anexo V</li><li>• Documentación acreditativa de asistencia</li><li>• Prazo de resolución: 3 días hábiles</li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente</li><li>• Inclúense tamén probas de ingreso na función pública e exames parciais eliminatorios convocados por centros oficiais</li><li>• Inclúese tempo mínimo para viaxe de ida e volta</li></ul>
REFERENCIA LEXISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 111</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 6</li></ul>

# PERMISOS

## PRESIDENTES OU VOGAIS DE MESAS ELECTORAIS

<b>DURACIÓN</b>	Xornada completa no día da votación se o sufraxio é día laborable e unha redución de 5 horas da súa xornada laboral na data posterior á celebración do sufraxio.
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Solicitude no centro de traballo, xuntando copia de nomeamento como vogal ou como presidente/a expedida pola xunta electoral correspondente</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Arts. 28, 76.4, 78.4 da lei orgánica 5/85 de 19 de xuño</li></ul>

## TRASLADO DE DOMICILIO

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Na mesma localidade: 1 día natural (2 días en familias de 2 ou máis membros)</li><li>• En distinta localidade: 2 días naturais (4 días en familias de 2 ou máis membros)</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Dirección</b></li><li>• Anexo V</li><li>• Documento xustificativo que determine a dirección</li><li>• Prazo de resolución: 3 días</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente</li><li>• Enténdese no marco dunha prestación de servizos continuada</li><li>• A adxudicación de destino ao persoal funcionario, interino/a ou substituto/a non da dereito a desfrutar deste permiso</li><li>• Os cambios de destino non dan dereito a este permiso</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 109</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 4</li></ul>

## MATRIMONIO OU UNIÓN DE FEITO

<b>DURACIÓN</b>	15 días naturais ininterrompidos
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li><li>• Fotocopia cotexada do libro de familia ou da inscrición no rexistro oficial de parellas de feito</li><li>• Prazo de resolución: 10 días hábiles</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente</li><li>• O permiso deberase gozar, con carácter xeral, en datas que comprendan o día do feito causante ou inmediatamente despois.</li><li>• A parella pode estar inscrita no rexistro de parellas de feito de Galicia ou doutra comunidade autónoma.</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 11</li></ul>

# PERMISOS

## MATRIMONIO DE FAMILIARES

<b>DURACIÓN</b>	O día da celebración
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Dirección</b></li><li>• Anexo V</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• De ata 2º grao de consanguinidade e 1º grao de afinidade</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 12</li></ul>

## PERMISO DA NAI BIOLÓXICA POR NACEMENTO

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 22 semanas</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li><li>• Fotocopia cotexada da partida de nacemento</li><li>• Prazo de resolución: 10 días hábiles</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente</li><li>• Ampliación de 1 semana no suposto de discapacidade do fillo/a ou por cada fillo/a a partir do 2º en parto múltiple</li><li>• Descanso obrigatorio da nai, nas 6 primeiras semanas. Posibilidade de gozo simultáneo ou sucesivo co pai</li><li>• A nai biolóxica non poderá ceder unha parte deste permiso ao outro proxenitor</li><li>• Pode gozarse a tempo total ou parcial , a totalidade ou parte do permiso (1/3 ou 1/2 da xornada). Poderase solicitar ao inicio do permiso ou posteriormente.</li><li>• No caso de parto prematuro ou outra causa en que o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto (iniciado durante os 30 días naturais seguintes ao mesmo) ampliarase en tantos días como o neonato estea hospitalizado, ata un máximo de 13 semanas adicionais</li><li>• No caso de falecemento da nai, o outro proxenitor poderá usar a totalidade ou, se é o caso, a parte que reste do permiso</li><li>• Se non traballan os dous proxenitores, o permiso terá que gozarse de forma ininterrompida</li><li>• No caso de que ambos proxenitores traballen poderase gozar de maneira interrompida a partir da 6ª semana e ata que o fillo/a cumpra 12 meses. será por semanas completas e con preaviso de 15 días de antelación</li><li>• No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido agás que unha vez finalizadas as 6 semanas de descanso obrigatorio se solicite a reincorporación</li><li>• Durante o gozo deste permiso, poderá participar en cursos de formación que convoque a administración unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 13/2007 do 27 de xullo: Art.31</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 17</li><li>• Lei 2/2015: artigo 121</li><li>• Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo: artigo 3</li></ul>

# PERMISOS

## PERMISO POR ADOPCIÓN, POR GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 22 semanas</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>⊗ <b>Xefatura Territorial</b></li><li>⊗ Anexo IV</li><li>⊗ Resolución administrativa ou xudicial do acollemento ou adopción</li><li>⊗ Prazo de resolución: 10 días hábiles</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente</li><li>• Ampliación de 1 semana no suposto de discapacidade do menor adoptado ou acollido así como por cada fillo/a en adopción ou acollemento múltiple a partir do segundo.</li><li>• Seis semanas deberán gozarse a xornada completa de forma obrigatoria e ininterrompida inmediatamente despois da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento.</li><li>• A persoa que estea a gozar deste permiso non poderá ceder unha parte do mesmo á persoa que estea a gozar do permiso do outro proxenitor.</li><li>• En adopcións internacionais, pode iniciarse o permiso 4 semanas antes da resolución da adopción, acollemento ou garda</li><li>• Se non traballan os dous proxenitores, o permiso terá que gozarse de forma ininterrompida.</li><li>• No caso de que ambos proxenitores traballen poderase gozar de maneira interrompida a partir da 6ª semana e ata que o fillo/a cumpra 12 meses. Será por semanas completas e con preaviso de 15 días de antelación. se o fillo/a ten máis de 12 meses, o permiso gozarse de forman ininterrompida.</li><li>• Pode gozarse a tempo total ou parcial, a totalidade ou parte do permiso (1/3 ou 1/2 da xornada). Poderase solicitar ao inicio do permiso ou posteriormente.</li><li>• Se fose preciso o desprazamento internacional previo, terase dereito a un permiso de ata 3 meses, enteiros ou fraccionados, retribuídos só coas retribucións básicas.</li><li>• Durante o gozo deste permiso, poderá participar en cursos de formación que convoque a administración.</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 18</li><li>• Lei 2/2015: artigo 122 e 123</li><li>• Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, artigo 3</li></ul>

## PERMISO RETRIBUÍDO PARA SITUACIÓN DE ESTADO DE XESTACIÓN

<b>DURACIÓN</b>	Desde a semana 37 ata o parto
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>⊗ <b>Xefatura territorial</b></li><li>⊗ Anexo IV</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente</li><li>• No caso de xestación múltiple iníciase o permiso o 1º día da semana 35 de embarazo</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 17 bis</li></ul>

# PERMISOS

## PERMISO DE LACTACIÓN POR FILLO/A MENOR DE 12 MESES

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Dereito a ausentarse 1 hora diaria do traballo:<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Poderase optar por unha redución da xornada:<ul style="list-style-type: none"><li>- media hora ao inicio e ao final da xornada</li><li>- ou unha hora ao inicio ou ao final da xornada</li></ul></li></ul></li><li>• O tempo correspondente a este permiso pode acumularse total ou parcialmente en xornadas completas e usarse en calquera momento despois do remate do permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento ou polo remate do permiso do outro proxenitor.</li><li>• O tempo acumulado será dun total de <b>4 semanas</b> (150 horas) que deben gozarse antes de que o menor cumpra os 12 meses</li><li>• No caso de xornadas completas, tenderase a que sexan como mínimo de dúas semanas</li><li>• En caso de non optar pola acumulación, se hai conflito entre o os dereitos do alumnado e do profesorado, a hora de ausencia, terase que gozar no horario complementario fixo</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>⊗ <b>Xefatura Territorial</b></li><li>⊗ Anexo IV</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Terán dereito a este permiso os dous proxenitores.</li><li>• Permiso intransferible de un a outro proxenitor.</li><li>• Nos supostos de adopción ou gardas con fin de adopción ou acollemento, o dereito ao permiso por lactación pode exercerse durante o ano seguinte á efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o menor non teña feitos os 12 meses</li><li>• Nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple, a duración do permiso por lactación incrementárase en proporción ao número de fillos/as</li><li>• O persoal substituto pode acumular a hora ou gozar os días, en proporción aos servizos prestados, desde que remate o permiso por parto, ata finalizar o curso escolar ou o fillo/a cumpra 12 meses</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 7</li><li>• Lei 2/2015: artigo 112</li><li>• Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, artigo 3</li></ul>

# PERMISOS

## PERMISO DO PROXENITOR DIFERENTE DA NAI BIOLÓXICA POR NACEMENTO, ACOLLEMENTO, GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN OU ADOPCIÓN DUN FILLO/A

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 16 semanas (obrigatorio 6 semanas inmediatamente posteriores ao feito causante)</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li><li>• Fotocopia cotexada da partida de nacemento</li><li>• Prazo de resolución: 10 días hábiles</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente.</li><li>• Ampliación de 1 semana no supostos de discapacidade do fillo/a ou por cada fillo/a a partir do segundo en parto múltiple.</li><li>• No caso de parto prematuro ou outra causa en que o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto (iniciado durante os 30 días naturais seguintes ao mesmo) ampliarase en tantos días como o neonato estea hospitalizado ata un máximo de 13 semanas adicionais.</li><li>• Poderá gozalo o outro membro da parella, a continuación do permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento por non ter filiación do outro proxenitor, falecemento do outro proxenitor ou caso de familia monoparental.</li><li>• Poderá usarse a xornada completa ou tempo parcial cando as necesidades do servizo o permitan.</li><li>• Se non traballan os dous proxenitores, o permiso terá que gozarse de forma ininterrompida.</li><li>• No caso de que ambos proxenitores traballen poderase gozarse:<ul style="list-style-type: none"><li>• De maneira ininterrompida.</li><li>• De maneira interrompida:<ul style="list-style-type: none"><li>→ Desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que cumpra 12 meses, por semanas completas e con preaviso de polo menos 15 días.</li><li>→ No caso de que se optase polo gozo deste permiso con posterioridade á finalización do permiso por nacemento, se o proxenitor que goza deste último permiso solicita a acumulación da lactación será á finalización deste periodo cando se dará inicio ao gozo das 10 semanas restantes do permiso do outro proxenitor diferente da nai biolóxica.</li></ul></li></ul></li><li>• Cando a totalidade ou parte deste permiso coincida no mes de agosto, poderase gozar dos días correspondentes as vacacións ao rematar o permiso xa que neste caso non se consideran gozadas no mes de xullo</li><li>• No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido agás que unha vez finalizadas as 6 semanas de descanso obrigatorio se solicite a reincorporación</li><li>• Durante o gozo deste permiso, poderá participar en cursos de formación que convoque a administración unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio.</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigos 19 e 29</li><li>• Lei 2/2015: artigo 124</li><li>• Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, artigo 3</li></ul>



# PERMISOS

## NACEMENTO DE FILLOS PREMATUROS OU QUE POR CALQUERA CAUSA DEBAN PERMANECER HOSPITALIZADOS A CONTINUACIÓN DO PARTO

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 2 horas diarias</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Dirección</b></li><li>• Anexo IV</li><li>• Fotocopia cotexada da partida de nacemento</li><li>• Documento acreditativo de hospitalización</li><li>• Prazo de resolución: 3 días</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Dereito a asentarse do posto de traballo un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización coa <b>percepción íntegra das súas retribucións</b>.</li><li>• Tamén ten dereito a unha redución por horas completas da súa xornada de traballo diaria de ata un máximo de dúas horas, coa <b>diminución proporcional das súas retribucións</b>. este tipo de redución pode continuarse a partir da alta hospitalaria mentres o fillo/a prematuro necesite coidados, polo tempo que determine o informe médico.</li><li>• Se hai conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado, as horas diarias de ausencia ao traballo teranse que gozar no horario complementario fixo.</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 113</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 8</li></ul>

## EXAMES PRENATAIS E PREPARACIÓN AO PARTO

<b>DURACIÓN</b>	Tempo necesario
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Dirección</b></li><li>• Anexo V</li><li>• Documentación xustificativa</li><li>• Prazo de resolución: 3 días</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente</li><li>• Válido tamén para o cónxuxe ou parella de feito</li><li>• Precísase xustificar a necesidade de facelo durante a xornada laboral</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 114</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 9</li></ul>

## TRATAMENTOS DE FECUNDACIÓN ASISTIDA

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Tempo necesario</li><li>• Se a necesidade de desprazamento para recibir o tratamento así o xustifica, a duración do permiso será de 2 días hábiles</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Dirección</b></li><li>• Anexo V</li><li>• Documentación xustificativa</li><li>• Prazo de resolución: 3 días hábiles</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente.</li><li>• Con aviso previo e xustificación da necesidade de facelo durante a xornada laboral</li><li>• Válido tamén para o cónxuxe ou parella de feito</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 115</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 10</li></ul>



# PERMISOS

## ACCIDENTE OU ENFERMIDADE MOI GRAVE DE CÓNXUXE OU UNIÓN DE FEITO, FAMILIARES DE 1º GRAO

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 30 días naturais.</li><li>• Período mínimo de 7 días. Neste caso, poderase prorrogar ata os 30 días, mediante petición e informe da inspección médica. Neste caso, os períodos non poderán rematar un venres e reiniciarse o seguinte luns.</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li><li>• Documento médico que acredite a enfermidade.</li><li>• Copia do libro de familia e/ou certificado de convivencia</li><li>• Prazo de resolución: 10 días hábiles</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente.</li><li>• Se hai máis dun titular do permiso, podese ratear entre eles sen superar os 30 días</li><li>• Pódese gozar de xeito separado ou acumulado</li><li>• Poderá gozar deste permiso un familiar de 2º grao cando non existan sobreviventes de 1º grao ou estan incapacitados para atender o seu coidado ou se trate de persoas conviventes.</li><li>• Precísase informe previo da inspección médica educativa</li><li>• Cada accidente ou enfermidade xera o dereito a un único permiso</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 116</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 13</li></ul>

## FALECIMENTO, ACCIDENTE OU ENFERMIDADE GRAVE, HOSPITALIZACIÓN OU INTERVENCIÓN CIRÚRXICA DE FAMILIAR

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Dependendo de que sexa na mesma ou distinta localidade:<ul style="list-style-type: none"><li>▶ <b>1º grao:</b> 3 ou 5 días hábiles</li><li>▶ <b>2º grao:</b> 2 ou 4 días hábiles</li></ul></li><li>• Terase en conta a localidade de residencia, a que o funcionario/a teña comunicado ao centro educativo ou no seu defecto á administración.</li><li>• No caso de intervención cirúrxica sen hospitalización que requira repouso domiciliario, será a localidade en que se realice o repouso a que debe tomarse como referencia</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Dirección</b></li><li>• Anexo V</li><li>• Documento xustificativo que determine a dirección</li><li>• Prazo de resolución: 3 días hábiles</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuído integramente</li><li>• Días ininterrompidos e a continuación do feito, no caso de falecemento. Nos demais casos, poderá facerse de forma descontinua</li><li>• En caso de urxencia, pode iniciarse o permiso, logo da comunicación verbal</li><li>• A localidade de referencia é a de residencia da persoa funcionaria</li><li>• Enténdese hospitalización cando a estadía inclúa unha noite e unha comida principal no centro hospitalario.</li><li>• Neste permiso, considérase inhábiles os sábados, domingos e festivos.</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 108</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 3</li></ul>

## COIDADO DUN FAMILIAR

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ata a metade da xornada</li> <li>• 1 mes (excepcionalmente 2 meses)</li> <li>• Non pode ser inferior a 7 días</li> </ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊗ <b>Xefatura Territorial</b></li> <li>⊗ Anexo IV</li> <li>⊗ Fotocopia cotexada do libro de familia</li> <li>⊗ Documento médico</li> <li>⊗ Prazo de resolución: 10 días</li> </ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Retribuída integramente para familiares de 1º grao</b></li> <li>• Excepcionalmente, pode outorgarse por familiares de 2º grao cando non existan sobreviventes de 1º grao ou estean incapacitados</li> <li>• Se o dereito o ten máis dun titular, pode ratearse o tempo</li> </ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lei 2/2015: artigo 106.1.a</li> <li>• Orde 29/01/2016: artigo 30 punto 1</li> </ul>

## COIDADO DE FILLO/A MENOR AFECTADO/A POR CANCRO OU OUTRA ENFERMIDADE GRAVE

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Durante o tempo que dure a hospitalización e, como máximo, ata que o menor faga os 18 anos</li> <li>• A redución será como mínimo da metade da xornada</li> </ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊗ <b>Xefatura Territorial</b></li> <li>⊗ Anexo IV</li> <li>⊗ Solicitude e documentación xustificativa</li> <li>⊗ Prazo de resolución: 10 días</li> </ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Retribuída integramente</li> <li>• Redución de xornada retribuída. Concédese mentres dure o ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización domiciliaria posterior e se requira o coidado directo e permanente</li> <li>• Cando concorran ao mesmo dereito ambos proxenitores, só un deles poderá exercelo con retribucións íntegras</li> </ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lei 2/2015: artigo 106.1.b</li> <li>• Orde 29/01/2016: artigo 30 punto 2</li> </ul>

## ADAPTACIÓN DA XORNADA LABORAL PARA TRATAMENTOS ONCOLÓXICOS

<b>DURACIÓN</b>	Redución da metade da xornada durante 1 mes, ampliable a outro
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊗ <b>Xefatura Territorial</b></li> <li>⊗ Requírese informe da inspección médica educativa</li> </ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Retribuída integramente</li> <li>• Iníciase cando se reincorporen ao posto de traballo despois de acreditar un tratamento de radio ou quimioterapia</li> </ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Orde 29/01/2016: artigo 30 punto 3</li> </ul>

## GARDA LEGAL:

Fillos/as menores de 12 anos

No caso do cónxuxe, persoas maiores a cargo ou discapacitados/as ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade cando non se valen por sí mesmos e non realicen actividade retribuída

<b>DURACIÓN</b>	Redución de 1/3 a 1/2 da xornada laboral
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>⦿ <b>Xefatura Territorial</b></li><li>⦿ Anexo IV</li><li>⦿ Fotocopia cotexada do libro de familia</li><li>⦿ Prazo de resolución: 10 días</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuída con <b>redución proporcional de haberes</b>.</li><li>• No caso do cónxuxe, persoas maiores a cargo ou discapacitados/as ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade cando non se valen por sí mesmos e non realicen actividade retribuída.</li><li>• Pode eximir da obriga de impartir docencia algún/s día/s da semana.</li><li>• A redución de xornada será proporcional entre o horario lectivo e o complementario fixo e semanal de permanencia no centro.</li><li>• Esta redución poderá acumularse co permiso por lactación.</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 106.2.a</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 32.1</li></ul>

## INTERESE PARTICULAR

<b>DURACIÓN</b>	Redución da metade da xornada
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>⦿ <b>Xefatura Territorial</b></li><li>⦿ Anexo IV</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuída con <b>redución proporcional de haberes</b>.</li><li>• Poderá eximir da obrigatoriedade de impartir docencia durante todos os días da semana, en función da organización do centro</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 32.2</li></ul>

## VIOLENCIA DE XÉNERO

<b>DURACIÓN</b>	Polo tempo necesario para a protección
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>⦿ <b>Xefatura Territorial</b></li><li>⦿ Anexo IV</li><li>⦿ Documentación expedida polos servizos sociais ou de saúde ou copia cotexada da orde xudicial de protección ou afastamento</li><li>⦿ Prazo de resolución: 10 días</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuída con <b>redución proporcional de haberes</b>.</li><li>• Cando a redución sexa menor ou igual a 1/3 a retribución será <b>íntegra</b></li><li>• Tamén terán dereito á adaptación e flexibilización do seu horario, neste caso supeditado á organización do centro</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 106.3</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 31</li></ul>

## PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO SECTOR PÚBLICO

DURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non ten límite</li></ul>
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Solicitud Xefatura Territorial</b></li><li>• Prazo estimado: 3 meses</li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Non retribuída nin computable para os efectos de antigüidade e dereitos no seu réxime de seguridade social</b></li></ul>
REFERENCIA LEGISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 174</li></ul>

## POR INTERESE PARTICULAR

DURACIÓN	Duración mínima de 1 ano
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Solicitud Xefatura Territorial</b></li><li>• Prazo estimado: 3 meses</li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Non retribuída nin computable para os efectos de antigüidade e dereitos no seu réxime de seguridade social</b></li><li>• Requisito: 3 anos inmediatamente anteriores de servizos prestados</li><li>• Subordinada ás necesidades do servizo</li></ul>
REFERENCIA LEGISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 173</li></ul>

## VOLUNTARIA POR AGRUPACIÓN FAMILIAR

DURACIÓN	Polo tempo necesario
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Solicitud Xefatura Territorial</b></li><li>• Prazo estimado: 3 meses</li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non retribuída nin computable para os efectos de antigüidade e dereitos no seu réxime de seguridade social</li><li>• Requisito: cónxuxe ou parella de feito funcionario/a, persoal laboral fixo, residente noutra localidade por destino definitivo</li><li>• Non se require un mínimo de servizos previos</li></ul>
REFERENCIA LEGISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 175</li></ul>

## VIOLENCIA TERRORISTA

DURACIÓN	Polo tempo necesario para a protección e a asistencia social da persoa
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Solicitud Xefatura Territorial</b></li></ul>
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non retribuída</li><li>• No caso de danos físicos ou psíquicos como consecuencia de actividade terrorista, ameazas de organizacións terroristas (recoñecidas polo ministerio do interior ou sentenza xudicial firme) tamén cónxuxe, persoa con análoga relación de afectividade, fillos/as de feridos e falecidos: sempre que teñan a condición de funcionarios e de vítimas de terrorismo</li></ul>
REFERENCIA LEGISLATIVA	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015 artigo 177 bis</li></ul>

# EXCEDENCIAS

## COIDADO DE FAMILIARES:

Fillos/as menores de 3 anos

Familiares ata 2º grao que non poidan valerse por si mesmos e non desempeñen actividade retribuída

<b>DURACIÓN</b>	Ata 3 anos
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Solicitud xefatura territorial</b></li><li>• Libro de familia ou xustificación das circunstancias familiares</li><li>• Prazo estimado: 10 días</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non retribuída</li><li>• <b>Computa para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos no seu réxime de seguridade social</b></li><li>• Pódese participar en cursos de formación</li><li>• Reserva do posto de traballo durante o período de excedencia</li><li>• Pode gozarse de forma fraccionada</li><li>• Poderanse desempeñar outras actividades retribuídas suxeitas a autorización previa e cumprimento da normativa de incompatibilidade</li><li>• O persoal interino ten dereito a reserva do posto mentres non sexa cesado</li><li>• Cando concorren dúas persoas no exercicio deste dereito, polo mesmo feito causante, a administración pode limitar o seu exercicio simultáneo</li><li>• Na excedencia por 3 anos, haberá que solicitar o reingreso ao servizo activo cun mes de antelación ao remate da excedencia</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 176</li></ul>

## VIOLENCIA DE XÉNERO

<b>DURACIÓN</b>	Ata 18 meses (con prórrogas trimestrais desde o sexto mes)
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Solicitud Xefatura Territorial</b></li><li>• Documento xustificativo</li><li>• Prazo estimado: non se especifica</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Retribucións íntegras nos 3 primeiros meses</b></li><li>• Reserva do posto de traballo (durante 6 meses)</li><li>• Computable para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos no seu réxime de seguridade social</li><li>• Non se require un mínimo de servizos previos</li><li>• Funcionarias interinas teñen dereito a esta excedencia. a reserva do seu posto será ata un máximo de 6 meses</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 177</li></ul>

# LICENZAS

## ASUNTOS PROPIOS

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ata 3 meses cada 2 anos</li><li>• Non inferior a 5 días</li><li>• Os días da licenza serán naturais</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li><li>• Prazo de resolución: 10 días</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non retribuída</li><li>• Subordinada ás necesidades do servizo</li><li>• Permáncese en servizo activo no período de licenza</li><li>• É de aplicación para persoal interino</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 127</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 23</li></ul>

## ENFERMIDADE PROPIA (INCAPACIDADE TEMPORAL)

<b>DURACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Persoal funcionario (muface):</b> ata 24 meses (incluíndo 2 prórrogas de 6 meses)</li><li>• <b>Persoal interino (réxime xeral):</b> ata 18 meses (cunha prórroga de 6 meses). Pode haber 6 meses máis de prórroga sen obriga de cotizar</li></ul>
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li><li>• Baixa médica oficial</li><li>• Prazo de resolución: non se especifica</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuída íntegramente</li><li>• O persoal do réxime de muface, pasa a cobrar as retribucións básicas e o subsidio de muface a partir do día 90. Ademáis a administración educativa deberá completar a mensalidade ata o 100% das retribucións.</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 128 e 146</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 24</li></ul>

# LICENZAS

## RISCO DURANTE O EMBARAZO OU NA LACTACIÓN NATURAL DE MENOR DE 12 MESES

<b>DURACIÓN</b>	Tempo necesario cando non sexa posible a adaptación das condicións ou do posto de traballo
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li><li>• Presentar solicitude e informe médico</li><li>• Prazo de resolución: non se especifica</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Retribuída íntegramente</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 126</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 25</li></ul>

## HOSPITALIZACIÓN PROLONGADA

<b>DURACIÓN</b>	Ata 1 mes de licenza sen retribución para atender cónxuxe, parella de feito ou parentes que convivan co traballador ou traballadora
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Sen retribución</li><li>• Para casos de hospitalización prolongada por enfermidade grave ou que implique repouso domiciliario</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lei 2/2015: artigo 131</li><li>• Orde 29/01/2016: artigo 28</li></ul>

## LICENZA PARA A PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS OU PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E DE ACCIÓN HUMANITARIA

<b>DURACIÓN</b>	Non superior a 6 meses
<b>SOLICITUDE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Xefatura Territorial</b></li><li>• Anexo IV</li></ul>
<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Poderá ter carácter retribuído se así se determina</li><li>• Subordinada ás necesidades do servizo</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 27</li></ul>

## LICENZA POR ESTUDOS

<b>OBSERVACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• De acordo coa normativa vixente e as convocatorias que realice a consellería de cultura educación e ordenación universitaria</li><li>• Concederase aos funcionarios de carreira</li><li>• Tamén poderase conceder a funcionarios en prácticas que xa estivesen prestando servizos como funcionarios de carreira</li></ul>
<b>REFERENCIA LEXISLATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Orde 29/01/2016: artigo 26</li></ul>



# GRAOS DE PARENTESCO

TÍOS/AS-AVÓS/AS-4º	BISAVÓS/AS-3º	BISAVÓS/AS-3º	TÍOS/AS-AVÓS/AS-4º
TÍOS/AS-3º	AVÓS/AS-2º	AVÓS/AS-2º	TÍOS/AS-3º
CURMÁNS/ CURMÁS-4º	PAIS/NAIS-1º	PAIS/NAIS-1º	CURMÁNS/ CURMÁS-4º
IRMÁNS/IRMÁS-2º	CÓNXUXE OU PARELLA DE FEITO	TRABALLADOR OU TRABALLADORA	IRMÁNS/IRMÁS-2º
SOBRIÑOS/AS-3º	FILLOS/AS-1º	FILLOS/AS-1º	SOBRIÑOS/AS-3º
	NETOS/AS-2º	NETOS/AS-2º	
SOBRIÑOS/AS -NETOS/AS-4º	BISNETOS/AS-3º	BISNETOS/AS-3º	SOBRIÑOS/AS -NETOS/AS-4º